

Exclusión de determinadas vivendas do lugar de Anseán, no Concello de Dumbría, da instalación da rede de internet de banda ancha subvencionada

Expedientes: R.7.Q/6852-6853-6854/21

Santiago de Compostela, 13 de Decembro de 2022

Sr. director:

Nesta institución iniciáronse expedientes de queixa como consecuencia dos escritos de tres veciños de Anseán, concello de Dumbría, solicitando a nosa intervención.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: Nos seus escritos, os interesados indícanos o seguinte:

“Que desde muy antiguo la línea de teléfono pasaba por la carretera DP-2308 desde A Filgueira (en su cruce con la carretera DP-2302 que va desde Brens a la Fábrica de Xeal en Dumbría) hasta el lugar de Xestosa.

Que en dicha trayectoria sólo existía el cableado de teléfono público en tres de los establecimientos públicos antiguamente existentes como bares:

- 1. El existente en el XXX.*
- 2. El existente en el XXX*
- 3. El existente en el XXX.*

Que según PR605A- Subvenciones para la extensión de redes de banda larga ultrarrápida en Entidades singulares de población para el período 2018-2020 el Consello de la Xunta de Galicia autorizó el 22 marzo 2018 la concesión a Telefónica de España S.A. de tercera línea de subvenciones del Plan Banda Larga 2020 destinada a desplegar redes ultrarrápidas en entidades de población de menos de 300 habitantes que no cuentan con cobertura ni con previsión de disponer de este servicio, dictando el 23 marzo 2018 la Agencia de Modernización Tecnológica de Galicia resolución de concesión de la subvención por una cuantía de 14.200.00 euros en el período 2018-2020.

Que el lugar de Anseán (Ayuntamiento de Dumbría) aparece en el listado de lugares beneficiarios de esta concesión por parte de la Xunta de Galicia con Código Esp (INE 2014) 150340201.

Que las viviendas de los números X, X y X de Anseán no se le despliega ni tendido para fibra ni para cobre, por tanto, se entiende que esta subvención no se ejecuta ni aplica por completo a esta población.

Que en el Concello de Dumbría acudiendo los tres vecinos para solicitud de reclamación conjunta (documentación adjunta) responde Telefónica que en el municipio (Subvenciones 2018-2020) está despegado la fibra, pero estas tres fincas quedan fuera de despliegue porque no tenían infraestructura de cobre para llegar a ellas y que en la actualidad no hay presupuesto para despliegues antiguos.

Que la respuesta que facilita Telefónica al Concello de Dumbría es totalmente incorrecta y falsa, porque en todas las fincas del citado lugar de Anseán se cableó todo nuevo, ya que nunca existió tendido de cobre excepto en los citados domicilios que era donde estaban los teléfonos públicos en los bares y si disponen desde muy antiguo de línea de cobre existente.

Que a tenor de la respuesta de Telefónica al Ayuntamiento de Dumbría se puede poner en duda a total transparencia de la ejecución de la subvención concedida por parte de la Xunta de Galicia a la empresa Telefónica de España, ya que se ejecuta solamente en parte del lugar de Anseán quedando las viviendas con número X, X y X anteriormente citadas sin que se le ejecute el tendido de cableado para la fibra óptica ni para cobre.

Que, si se hizo un cableado nuevo, desde nuestra humilde opinión e ignorancia entendemos que se hizo una obra nueva, pero por ello no entendemos las siguientes cuestiones:

- 1. Quién da este permiso*
- 2. Si se da permiso para realizar el tendido para realizar el cableado a todo el lugar de Anseán, ¿por qué no se cablea en las viviendas X, X y X?*

Que, el artículo 4.2 del Estatuto de Autonomía de Galicia citado textualmente dice: "Corresponde a los poderes públicos de Galicia promover las condiciones para que la libertad y la igualdad del individuo y de los grupos en que se integran sean reales y efectivas remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de todos los gallegos en la vida política, económica, cultural y social".

Que, reafirmando el artículo anterior de nuestro Estatuto de Autonomía, la Constitución Española el artículo 1.1 coloca la igualdad como uno de los valores superiores de nuestro ordenamiento jurídico, y en el 9.2 obliga a los poderes públicos a favorecer la igualdad personal desde un punto de vista real y efectivo, no meramente formal, en su artículo 14 encontramos su formulación: "Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social". La concepción de igualdad que tenemos es la de una igualdad real, no meramente formal, de modo que quienes se encuentren en la misma situación cuenten con los mismos derechos: es la igualdad efectiva, la equidad, la que realmente importa.

Que los titulares de las viviendas X, X y X nos sentimos discriminados por todo lo anteriormente expuesto y vemos nuestro derecho a la igualdad vulnerado con respecto al resto de los vecinos con la actuación de Telefónica ejecutando la obra de cableado de forma desigual y discriminatoria hacia nosotros y nuestras familias, con fundamentación jurídica en los dos apartados anteriormente mencionados.

Que, a día de hoy, vecinos que no tenían ni teléfono vía satélite (TRAC), actualmente se encuentran disfrutando del servicio de ADSL vía fibra óptica en sus domicilios.

Que, como ciudadanos que somos, estamos al corriente con el pago de todas las tasas de forma igualitaria, como el resto de ciudadanos.

Por todo ello, SOLICITAMOS:

Que se tome en consideración nuestra queja y se haga efectivo a la mayor brevedad posible la subsanación del problema y se ejecute el cableado de fibra para nuestras viviendas (Nº X, X y X) de forma gratuita al igual que para el resto de vecinos de esta localidad.

Que si no es tenida en cuenta la solicitud hecha en el punto anterior se retire la subvención concedida por parte de la Xunta de Galicia a la empresa Telefónica España”.

SEGUNDO: Ante iso, requirimos informe á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Telefónica e Concello de Dumbría.

TERCEIRO: Acusamos recibo do informe da AMTEGA, que foi rexistrado nesta institución con data de 30 de xuño de 2021. No informe achegado por dita axencia indícase o seguinte:

“Que, é o Estado a administración competente en materia de telecomunicacións e quen conta actualmente cos principais fondos europeos para a posta en marcha de iniciativas que incrementen a cobertura de redes de telecomunicacións en todo o territorio español.

Así, o Goberno central acaba de anunciar o novo Programa de Universalización de Infraestruturas Dixitais para a Cohesión (Programa UNICO) enmarcado no Plan para a Conectividade e as Infraestruturas Dixitais da Sociedade, a Economía e os Territorios, aprobado a finais de 2020 xunto coa Estratexia de Impulso ao Desenvolvemento da Tecnoloxía 5G que contan ambos cunha dotación orzamentaria de máis de 4.300 millóns de euros.

Con todo, a Xunta de Galicia tamén puxo en marcha no ano 2015 o Plan de Banda Larga 2020 grazas ao cal, despregáronse redes de fibra óptica en Galicia de forma complementaria ás actuacións do Estado de anos anteriores. A este respecto, no núcleo de Anseán subvencionouse por parte da Xunta o despregamento da fibra ao operador Telefónica, como ben indican no escrito que nos achega.

Non obstante, para poder analizar o caso, precisaríamos que o remitente da queixa trasladase á Oficina do Plan de Banda Larga, a través do correo electrónico

oficina.bandalarga@xunta.es, as localizacións concretas onde non existe a posibilidade de contratar o servizo de fibra óptica, indicando as coordenadas ou as referencias catastrais.

Esta información será trasladada ao operador de telecomunicacións para analizar a situación e poder remitirle unha resposta con maior detalle”.

CUARTO: Acusamos recibo do informe do Concello de Dumbría, que foi rexistrado nesta institución con data de 07 de xullo de 2021. No informe achegado por dito concello indícase o seguinte:

“O día 18/05/2021 preséntanse no concello personalmente ou mediante representación XXX, XXX e XXX, en relación coa liña de fibra óptica que se acaba de instalar no lugar de Anseán, parroquia de Buxantes. Son recibidos polo Axente de Emprego e Desenvolvemento Local (AEDL) deste concello de Dumbría. Fan constar por escrito que as súas vivendas cos números X, X e X do lugar de Anseán foron alleadas da fibra óptica. O AEDL fai traslado da reclamación ao Asesor Personal de Telefónica quen lle facilita a dirección á que ten que remitir o escrito: direcciongeneralgalicia@telefonica.com . Feito este trámite contéstanos por e-mail XXX-Att. Institucional VIP 981183800 literalmente "Hola, por lo que vemos el municipio está desplegado (Concursos 2018), pero estas tres fincas quedaron fuera del despliegue porque no tenían infraestructura de cobre para llegar a ellas. En la actualidad no hay presupuesto para despliegues antiguos”.

Desde o concello consideramos que a brecha dixital sigue persistindo: Quedan sen fibra óptica vivencias e lugares que de facto actúan como un único núcleo poboacional, caso de Xestosa e Anseán. No mesmo senso deixamos constancia que esta circunstancia estase a producir, con carácter xeral, no resto das poboacións do concello de Dumbría. En resumo, mantense a discriminación entre veciños dun mesmo lugar e a discriminación entre lugares que forman un mesmo núcleo poboacional”.

QUINTO: con data 29 de xuño de 2021 acusamos recibo do informe de Telefónica. Dita compañía indícase o seguinte:

“Las 3 están en cobertura:

- ❖ XXX – Localización: LG ANSEÁN, 15151 DUMBRIA (A CORUÑA) - En cobertura.*
- ❖ XXX – Localización: LG ANSEÁN, 15151 DUMBRIA (A CORUÑA) - En cobertura.*
- ❖ XXX – Localización 15151 DUMBRIA (A CORUÑA) - En cobertura.*

Que los vecinos hagan sus peticiones al 1004 y en caso que no se puedan instalar podremos ver que ocurre en las ordenes de instalación que se generen y para esta consulta necesitaré el DNI o CIF de cada solicitante “.

SEXTO: Na data do 28 de outubro de 2021, XXX, en representación dos veciños das vivendas afectadas, achega nova información, indícanos de xeito literal:

“Al llamar al 1004 para solicitar la fibra, nos dicen que en la Aldea de Anseán (Ayuntamiento de Dumbría) no existe fibra.


Después de facilitar el número de teléfono de un vecino que tiene fibra, admiten que sí existe. Nos dicen que van a averiguar qué es lo que pasa y qué pueden hacer y que nos llamarán el viernes, pero ya no vuelven a contactar con nosotros. Esto se repitió varias veces la llamada, pero sin ninguna solución al respecto.



Vamos a una tienda física de Movistar y conseguimos hacer la solicitud para la casa nº XX titularidad de XXX. A los pocos días viene un técnico para hacer la instalación en la vivienda y dice que falta tendido y no puede hacerlo, que pasa el parte y que ya nos dirán, pero que es algo que tarda.

En el domicilio con número XX titularidad de XXX se abre solicitud desde tienda física y solamente admiten cobertura 3G, cuando los vecinos de al lado tienen todos fibra como pusimos de manifiesto en reiteradas ocasiones, siendo esta vivienda la primera afectada sin fibra.

El domicilio con número XX titularidad de XXX, siendo la más alejada, que respuesta podríamos esperar si las dos casas anteriores más cercanas dan una solución negativa y discriminatoria con respecto al resto de vecinos, porque 28 casas tienen derecho a fibra y las 3 nuestras no.

El pedido del domicilio número XX (titularidad de XXX) se le termina anulando el pedido y como prueba de ello después de acudir a tienda física envío foto de la respuesta de telefónica con el motivo de la anulación “.





SÉTIMO: Ante iso requirimos informe complementario á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) que xa nolo remitiu e foi rexistrado nesta institución con data de 15 de novembro de 2021. No informe achegado por dita axencia indícase o seguinte:

“Que, é o Goberno de España a administración competente en materia de telecomunicacións, e ademais, o que conta cos principais fondos europeos para o financiamento e posta en marcha de iniciativas que incrementen a cobertura de redes de telecomunicacións no territorio español, e por conseguinte en Galicia.

Non obstante, desde a Xunta de Galicia realizouse unha consulta ao operador Telefónica respecto da instalación de fibra óptica nas direccións Anseán XX, XX e XX.

En resposta a dita consulta, o operador comunicounos que existía un problema co rexistro das direccións no seu sistema, informándonos que a problemática xa está solucionada.

A este respecto, co obxecto de analizar en maior detalle este caso e poder facer seguimento xunto co operador, os cidadáns deberán realizar unha solicitude do servizo de fibra a Telefónica e posteriormente facilitarnos o código da solicitude (así como o DNI).

Pode remitir esta información á Oficina de Banda Larga da Amtega, a través do correo electrónico oficina.bandalarga@xunta.gal. Os datos serán trasladados a Telefónica para facer seguimento e verificar a dispoñibilidade da cobertura”.

OITAVO: Na data do 16 de novembro de 2021, XXX, en representación das tres direccións, diríxese a unha oficina do operador Telefónica para solicitar a alta no servizo de fibra óptica

de dito operador, e feita a mesma, acredítala achegándonos unha copia do contrato por mensaxe de WhatsApp o mesmo día.

NOVENO: Á vista da información aportada requirimos un novo informe complementario á AMTEGA que xa nolo remitiu e foi rexistrado nesta institución con data de 27 de decembro de 2021. No informe achegado por dita axencia indícase o seguinte:

“Que, é o Goberno de España a administración competente en materia de telecomunicacións, e ademais, o que conta cos principais fondos europeos para o financiamento e posta en marcha de iniciativas que incrementen a cobertura de redes de telecomunicacións no territorio español, e por conseguinte en Galicia.

Non obstante, desde a Xunta de Galicia realizouse una nova consulta ao operador Telefónica respecto da instalación de fibra óptica nas direccións Anseán XX, XX, XX, solicitando información sobre o estado da incidencia IN2111vplxftmc.

En resposta a dita consulta, o operador comunicounos que esta zona xa se atopa en cobertura e están actualmente analizando se existe algún problema que impida a instalación do servizo nas vivendas.

Con todo, se a mediados de xaneiro o interesado no servizo non ve resolta a súa incidencia por parte de Telefónica, pode poñerse en contacto coa Oficina de Banda Larga da Amtega, a través do correo electrónico oficina.bandalarga@xunta.gal ou do teléfono 981 957868. Nesta oficina solicitaranlle a información precisa para poder consultar de novo ao operador e intentar concluír o estado do servizo nestas ubicacións.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta nos informes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), o concello de Dumbría e a empresa Telefónica, cómpre facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA: O lugar de Anseán (Concello de Dumbría) aparece no listado de lugares beneficiarios da subvención da Xunta de Galicia con Código Esp (INE 2014) 150340201., Subvenciones para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida en Entidades singulares de poboación para o período 2018-2020. O Consello da Xunta de Galicia autorizou o 22 marzo 2018 a concesión a Telefónica de España S.A. de terceira liña de subvencións do Plan de Banda Larga 2020 destinada a despregar redes ultrarrápidas en entidades de

poboación de menos de 300 habitantes que non contan con cobertura ni con previsión de dispoñer deste servizo.

SEGUNDA: Se ben isto se estableceu así, ás vivendas dos números XX, XX e XX de Anseán non se lle desprega tendido para fibra e, por tanto, enténdese que esa subvención non se executa nin aplica por completo a devandita poboación.

No informe que presenta o concello de Dumbría constátase que fíxose xestión diante de telefónica, empresa que responde ao concello que as tres fincas quedaron fóra do despregue porque no tiñan infraestrutura de cobre para chegar a elas (cuestión errónea, porque segundo os interesados eran precisamente as únicas que contaban con cobre) e que na actualidade non hai presuposto para despregues antigos. A mesma empresa na resposta que achega a nosa institución traslada que os interesados fagan a súa petición ao teléfono 1004, y *“en caso que no se puedan instalar podremos ver qué ocorre en las órdenes de instalación que se generen”*.

Comunicadas todas estas incidencias a AMTEGA, a Axencia bríndase a facer a xestión ante Telefónica unha vez coñeza todos os datos, sen que, polo de agora, tiña habido ningún avance neste asunto.

TERCEIRA: Obsérvanse varias contradicións nos distintos informes: en relación con si había fibra ou non nos lugares obxecto da reclamación, de feito a un dos reclamantes incluso se lle tramitou a alta, anulando posteriormente a actuación; tamén se cuestiona a suficiencia da subvención para cubrir a totalidade da zona a cubrir... para finalmente atopar o resultado de tres direccións sen cobertura -cando estaba prevista a mesma na subvención concedida- e sen razón obxectiva que xustifique a devandita exclusión.

CUARTA: É preciso salientar, en relación co medio rural, a necesidade de igualdade de oportunidades e de garantir os dereitos efectivos en todo o territorio, sen importar onde se viva. Polo tanto é preciso impulsar e asegurar unha apropiada prestación de servizos básicos a toda a poboación en condicións de equidade.

No despregamento obxecto da presente queixa, o operador designado para a prestación foi Telefónica, que está obrigada a prestar o servizo a calquera cidadán que o solicite co independencia da súa localización xeográfica, cunha calidade predeterminada e un prezo asequible, e cada operador pode elixir a solución máis eficiente para prestar o servizo.

A competencia estatal en materia de telecomunicacións é exclusiva, de conformidade co establecido no artigo 149.1.21º da Constitución e nos artigos 149.1.1º e 149.1.13º do texto constitucional, referidos estes últimos a competencias de carácter transversal para a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais e para a determinación das bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica

Agora ben, pese a atribución de competencias ao Estado, a Administración autonómica, principalmente, e polo que se refire ó medio rural, os concellos, poden e deben coaduxuar realizando actuacións mediadoras coas operadoras privadas para alcanzar o obxectivo último de acceso universal ás telecomunicacións nunhas condicións .

O Estado pode establecer obrigacións de servizo público aos operadores, baixo determinadas condicións, como é o caso do servizo universal, do que forman parte a conexión a internet de banda larga cunha velocidade de 10 Mbps de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 11/2022 de 28 de xuño Xeral de Telecomunicacións.

QUINTA: A maior abundamento, no artigo 57 da devandita lei se recolle o “Principio de no discriminación” que establece que *“Los operadores que instalen o exploten redes públicas de comunicaciones electrónicas o que presten servicios de comunicaciones electrónicas disponibles al público no aplicarán a los usuarios finales ningún requisito diferente ni condiciones generales de acceso o uso de redes o servicios ni de utilización de los mismos por motivos relacionados con la nacionalidad, el lugar de residencia o el lugar de establecimiento del usuario final, a menos que dicho trato diferente se justifique de forma objetiva.”*, polo tanto a actuación levada a cabo nos números XX, XX, XX, de Anseán no ten xustificación algunha.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa AXENCIA a seguinte **suxestión dobre:**

1) Que en aplicación do principio de coordinación, se valore dende a administración autonómica actuar conxuntamente coa administración local para lograr o control da instalación do servizo de fibra óptica polos operadores, evitando disfuncións e lograr así os obxectivos previstos nas actuacións.

2) Que se valore informar a todos os implicados na execución do servizo, do desenvolvemento e das incidencias das actuacións.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, a Valedora do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando a Valedora do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo